



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO**

**Lugar:** casa do concello

**Data:** 22 de novembro do 2016

**Hora de comezo:** 20.30 horas

**Hora de remate:** 20.45 horas

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona María del Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Dona Ana María Seijo Mosquera  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Don Alejandro Bermúdez Devesa  
Don Xabier Canabal Fernández  
Dona María del Carmen Soutullo Carolo  
Don Perfecto Barcala Mosquera

### **AUSENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde en funcións don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria -interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

## **DELIBERACIÓNS**

## **PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN**

Explica o señor alcalde en funcións que se tivo que convocar este pleno urxente, porque o alcalde dimite ademais como concelleiro polo que se debe remitir o acordo á Xunta Electoral Central para que expida a correspondente credencial a favor do ou da candidato/a seguinte na lista electoral.

Por isto e tendo en conta o establecido no artigo 79 do regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co voto a favor de todos os membros da corporación presentes nesta sesión, apróbase a urxencia desta sesión plenaria.

### **- ACTA ANTERIOR**

O Sr. Canabal di que non consta a resposta á pregunta efectuada por Veciñ@s de Boqueixón sobre a megafonía das misas en Lestedo. ¿É legal? ¿quén lle da autorización á igrexa do seu uso?

Solicita o señor Canabal que se faga constar a resposta na próxima sesión ordinaria.

## **TOMA DE RAZÓN DA DIMISIÓN DE DON OVIDIO RODEIRO TATO COMO ALCALDE E CONCELEIRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.**

Dáse conta ao pleno do escrito que tivo rexistro de entrada o 18 de novembro do 2016 co número 2549, de dimisión na súa condición de alcalde e concelleiro de don Ovidio Rodeiro Tato, tal e como a continuación se transcribe literalmente:

*“ Con motivo do meu nomeamento como delegado territorial e tendo en conta a incompatibilidade co cargo de alcalde e concelleiro que neste momento exerzo, presento a miña renuncia á alcaldía e como concelleiro desta corporación”.*

Así mesmo dáse conta da Resolución de data 18 de novembro de 2016, de delegación de funcións propias da alcaldía ata a toma de posesión do novo alcalde, en don Manuel Fernández Munín.

Por unanimidade de todos os presentes, o pleno toma coñecemento da renuncia presentada por don Ovidio Rodeiro Tato como alcalde e concelleiro no Concello de Boqueixón.

### **- REMISIÓN DE OFICIO Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL PARA QUE EXPIDA A CREDENCIAL DE CONCELEIRA ELECTA A FAVOR DA CANDIDATA DONA ANA ISABEL ALONSO TABOADA QUE CONSTA NO SEGUINTE LUGAR NA LISTA ELECTORAL CORRESPONDENTE AO PARTIDO POPULAR, CO FIN DE OCUPAR O POSTO DE CONCELEIRA PREVIO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS**

O pleno da corporación, acorda así mesmo, remitir oficio á Xunta Electoral Central para que expida a credencial de concelleira electa a favor da candidata dona Ana Isabel

Alonso Taboada que consta no seguinte lugar na lista electoral correspondente ao Partido Popular, co fin de ocupar o posto de concelleira previo cumprimento dos requisitos legais

Sen máis, asuntos que tratar, o alcalde en funcións remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace  
O alcalde en funcións